




LENDA KOI




Hai moito tempo nun pasado afastado, a auga do río Azul que fluía desde o ceo e o río Dourado que fluía desde a terra, estaban separados polo lendario portal do Dragón. O río Dourado, chamado así pola cor ouro das súas augas, era o último lugar onde podían nadar libremente os habitantes do mar; xa que os Deuses que camiñaban na terra destruíran o seu inmenso fogar créndose os donos verdadeiros de todo o que alcanzaba os seus ollos.

Entre todos os habitantes das súas augas, a familia de peixes Koi eran os máis fermosos de todos, brillaban á luz do sol como estrelas relucentes. O de cor negra era o pai Koi, o vermello a nai Koi e o seu pequeno fillo Koi destacaba por unha cor azul profunda. O que máis desexaba o pequeno peixe Koi era chegar ás augas do río azul pois o seu pai contoulle que houbo un tempo en que non existían barreiras entre un lugar e outro. E os peixes máis valentes, os peixes dragóns voaban nos ceos, como perlas iluminando toda a escuridade.



CiberCaixa Mallos A Coruña

A entrada atopábase río arriba e traspasando o portal do Dragón, chegábase á Gran Fervenza do río Azul. A todo aquel que chegase saíanlle ás douradas, para voar, converténdose así en peixe dragón. O pequeno peixe Koi, decidido a atopar a Gran Fervenza dispúxose a nadar río arriba contra a corrente. Os outros peixes desanimados pensaban que era máis fácil nadar coa corrente e non se molestaban en descubrir que había máis aló da fervenza pois os camiñantes da terra poñían trampas para burlarse deles. A pesar de ser a corrente tan forte, o pequeno peixe Koi facendo un gran esforzo, nadou o máis forte que podía. Avanzaba amodo pero aos poucos ía facendo camiño e abríase paso polo río.



O ruído da batuxada da auga chamou a atención dos camiñantes da terra, enfadados porque un peixe pequeno se atrevera a desafialos, mandaron chamar ao monstro da gran boca o cal se tragaba enteiro todo o que nadaba ao seu paso. Eles non contaban con que o peixe Koi tiña un tamaño moi pequeno e por iso, sen problemas, atravesou a pel furada do monstro.

Seguiu nadando río arriba e de súpeto a auga tornouse escura e sucia. Non podía ver nada e comezaba a atoparse mal. Os camiñantes da terra presumían por vencer os esforzos do pequeno peixe, cando de súpeto desde a beira o Deus do Aire compadecido mandou chamar a un remuíño de vento que levou toda a sucidade e despexoulle o camiño para que continuase.





CiberCaixa Mallos A Coruña



O peixe Koi continuou, xa estaba preto presentíao nas súas aletas. Seguiu e seguiu nadando, pero algo estraño pasaba, había menos auga ao seu deredor. E de súpeto topouse cun muro de pedra que se elevaba case ata o ceo. Que podía facer agora? Alén atopábase o portal do Dragón.

Entón pensou que a súa única posibilidade era saltar o máis forte que puidese, tentouno e o peixe Koi non se rendía, a pesar de que oía a risa dos camiñantes burlándose del. Unha e outra vez lanzou o seu corpo ao aire para caer de novo á auga. Estaba tan canso que mesmo parecía que o muro era moito máis alto. Pero nunca quixo darse por vencido. O Deus das Augas que lle estaba observando, emocionado pola súa valentía quixo botarlle unha man, xa que os camiñantes detiveran o seu curso e desprezaran as súas augas a capricho. Cando o peixe Koi reunindo todas as forzas que lle quedaban preparábase para o último salto, o Deus das Augas fixo chamar ás ondas e o seu salto elevouse ata alcanzar a cima e poder pasar alén cara á Gran Fervenza do río Azul.



E así debido a que non se rendeu nunca o pequeno peixe Koi puido saltar alén do portal e desaparecendo na néboa renaceu como un precioso peixe dragón. Polas noites pódese ver ao pequeno peixe chapuzando alegremente polas augas do gran río Azul. E desde ese día sempre que outro peixe atopa a forza, a coraxe e a perseveranza como fixo o pequeno peixe Koi de subir ao contraxeito superando as súas dificultades, é recompensado coa metamorfose e transformado nun precioso peixe dragón.



CiberCaixa Mallos A Coruña

• BÚSCASE •



UN PEIXE CARPA DE COR AZUL

Os pais de Koi están moi preocupados por el. Un día desapareceu do seu lado e non o volveron ver. Como podes explicar á familia de Koi o sucedido?





TIENESTALENTO

DE PEIXE CARPA A DRAGÓN

Analiza ao protagonista desta lenda.



Lembrete que talento é o desempeño destacado das persoas ao realizar distintas actividades deportivas, académicas, artísticas, etc. grazas á exitosa combinación de diferentes capacidades.

- 1.- **Cal é o seu talento?**
- 2.- **Que se lle da ben?**
- 3.- **Con que apoios conta?**
